



CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

Venres, 2 de agosto do 2024, ás 10:30 horas.

Lugar de celebración

Sala de Xuntas da Casa do Concello.

Asistentes

- **Presidenta:** D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.
- **Vocais:**
 - D^a M^a Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello
 - D. Jacobo Molina Saenz, Xefe do Servizo de Política Fiscal e Económica; en substitución de D. Vicente José Calvo del Castillo, Interventor Municipal.
- **Secretario da Mesa:** D. Iago A. López Álvarez, auxiliar administrativo da área de Contratación
- **Técnicos asistentes:**
 - D. José Luis Jares Vázquez, arquitecto técnico municipal, para as licitacións nº 2024/CONTRAT/000079, 2024/CONTRAT/000072 e 2024/CONTRAT/000073
- **Asistentes ao acto público de valoración dos sobres nº 3 do contrato 2024/CONTRAT/000079: PLAN II 2024 DE SEGUROS DO CONCELLO DE OLEIROS: PROTECCIÓN DE RISCOS EN PÓLIZAS DE ACCIDENTES VARIOS, RC EMBARCACIÓNS E RC AUTORIDADES:** D. Iago Merino Vidal, mediador de seguros da empresa "Willis Iberia Correduría de Seguros y Reaseguros, S.A.U.", empresa coa que este Concello ten contratado o servizo de mediación de seguros privados do Concello de Oleiros.
- **Público asistente:**
 - D^a Elena Orro Arcay, Técnica de Contratación.
- **Non asiste:**





- D. Marcos Veiga Rodríguez, Xefe do Servizo de Interior; nin tampouco a súa suplente D^a Susana Miranda Fernández, asesora xurídica.

Habendo quórum, procédese a tratar os seguintes asuntos que figuran na Orde do Día:

ORDE DO DÍA

1.- 2024/CONTRAT/000067: DIRECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO CENTRO MUNICIPAL DE ARTES ESCÉNICAS

Acto non público de:

- Apertura dos sobres nº 1 (documentación administrativa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)

2.- 2024/CONTRAT/000077: SERVIZO DE COORDINACIÓN DOS CLUBS DE LECTURA NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DE OLEIROS

Acto non público de:

- Apertura dos sobres nº 1 (documentación administrativa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)

3.- 2024/CONTRAT/000080: SUBMINISTRACION DUN VEHÍCULO TODO TERREO OU TODO CAMIÑO (SUV) 4X4 CON DISTINTIVO AMBIENTAL CERO EMISIÓN /ECO PARA O SERVIZO MUNICIPAL DE EMERXENCIAS E PORTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE OLEIROS

Acto ⁽¹⁾ de:

- Apertura dos sobres únicos (documentación administrativa e proposición)
- Valoración, se procede, dos criterios de adxudicación.
- Proposta de adxudicación, se procede.

⁽¹⁾ A apertura da documentación administrativa levarase a cabo en acto non público e a apertura da proposición en acto público.

4.- 2024/CONTRAT/000069: CONTRATO SUBMINISTRO DE PRODUTOS DE ASEO E LIMPEZA

Acto ⁽¹⁾ de:

- Apertura dos sobres únicos (documentación administrativa e proposición)
- Valoración, se procede, dos criterios de adxudicación.
- Proposta de adxudicación, se procede.

⁽¹⁾ A apertura da documentación administrativa levarase a cabo en acto non público e a apertura da proposición en acto público.





**CONCELLO DE
OLEIROS**

**> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio**

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

público.

5.- 2024/CONTRAT/000079: PLAN II 2024 DE SEGUROS DO CONCELLO DE OLEIROS: PROTECCIÓN DE RISCOS EN PÓLIZAS DE ACCIDENTES VARIOS, RC EMBARCACIÓNS E RC AUTORIDADES

Acto non público de:

- Apertura dos sobres nº 1 (Documentación administrativa)

Acto público de:

- Apertura, se procede, dos sobres nº 3 (criterios obxectivos)
- Valoración, se procede, dos sobres nº 3
- Proposta de adxudicación, se procede.

6.- 2024/CONTRAT/000072: PAVIMENTACIÓN DUN TRAMO DA RÚA FORNOS

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 3 (criterios obxectivos suxeitos a avaliación posterior)
- Valoración, se procede, dos sobres nº 3.
- Proposta de adxudicación, se procede

7.- 2024/CONTRAT/000073: MELLORAS NAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO POLÍGONO COMERCIAL DE ICARIA

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 3 (criterios obxectivos suxeitos a avaliación posterior)
- Valoración, se procede, dos sobres nº 3.
- Proposta de adxudicación, se procede

8.- 2024/CONTRAT/000063: RESTAURACIÓN INFRAESTRUCTURA VERDE MUNICIPAL. SENDA COSTEIRA CANIDEMERA

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 3 (criterios obxectivos suxeitos a avaliación posterior)
- Valoración, se procede, dos sobres nº 3.
- Proposta de adxudicación, se procede





1.- 2024/CONTRAT/000067: DIRECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO CENTRO MUNICIPAL DE ARTES ESCÉNICAS

Por Decreto da Alcaldía nº 2024003480, de 2 de xullo do 2024, aprobouse o procedemento aberto para a contratación do servizo denominado “DIRECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO CENTRO MUNICIPAL DE ARTES ESCÉNICAS”.

O importe de licitación é de 504.269,98 €, importe exento de iva, de conformidade co establecido no artigo 20.1.9º da Lei 37/1992, de 28 de decembro do Imposto sobre o Valor Engadido (BOE do 29 de decembro de 1992).

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no DOUE e no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 3 de xullo do 2024.

Rematado o día 1 de agosto do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
ABELLA ARTES ESCÉNICAS S.L.	B70546148	01-08-2024 12:34

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa”. Deste xeito, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido	Documento no que figura	ABELLA
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV Cumpre
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV Cumpre
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV Cumpre
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV Cumpre
	Datos de subcontratación	Anexo IV Cumpre
Capacidade de obrar	DEUC	Cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias	DEUC	Cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social	DEUC	Cumpre
Non estar incurso en incompatibilidades	DEUC	Cumpre
Non prohibición de contratar	DEUC	Cumpre
Declaración de sometemento á lexislación española	DEUC	Cumpre
Solvencia técnica	DEUC	Cumpre
Solvencia económica	DEUC	Cumpre





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

Deste xeito, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación, a Mesa procede á apertura do sobre nº 2 denominado “Proposta suxeita a avaliación previa”. Así, resulta que as empresas licitadoras presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adjudicación reflectidos no Anexo XIII do PCAC: Calidade do proxecto educativo.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

SEGUNDO.- Remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 2 a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XIII do PCAP.





2.- 2024/CONTRAT/000077: SERVIZO DE COORDINACIÓN DOS CLUBS DE LECTURA NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DE OLEIROS

Por Resolución da 1ª Tenente de Alcalde nº 2024003601, de 9 de xullo do 2024, aprobouse o procedemento aberto para a contratación do servizo denominado “SERVIZO DE COORDINACIÓN DOS CLUBS DE LECTURA NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DE OLEIROS”.

O importe de licitación é de 39.313,68 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (8.255,87 €), o que supón un importe de 47.569,55 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 10 de xullo do 2024.

Rematado o día 26 de xullo do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS S.L.	B70493275	26-07-2024 18:50
SILVIA SALGADO SEVILLANO	46624588T	25-07-2024 21:31

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa”. Deste xeito, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido		Documento no que figura	OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS S.L.	SILVIA SALGADO SEVILLANO
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV	Cumpre	Cumpre
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV	Cumpre	Cumpre
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV	Cumpre	Cumpre
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV	Cumpre	Cumpre
	Datos de subcontratación	Anexo IV	Cumpre	Cumpre
Capacidade de obrar		DEUC	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias		DEUC	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social		DEUC	Cumpre	Cumpre
Non estar incurso en incompatibilidades		DEUC	Cumpre	Cumpre
Non prohibición de contratar		DEUC	Cumpre	Cumpre
Declaración de sometemento á lexislación española		DEUC	Cumpre	Cumpre





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

Solvencia técnica	DEUC	Cumpre	Cumpre
Solvencia económica	DEUC	Cumpre	Cumpre

Deste xeito, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación, a Mesa procede á apertura do sobre nº 2 denominado “Proposta suxeita a avaliación previa”. Así, resulta que as empresas licitadoras presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adxudicación reflectidos no Anexo XIII do PCAC: Proxecto.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

SEGUNDO.- Remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 2 a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XIII do PCAP.





3.- 2024/CONTRAT/000080: SUBMINISTRACION DUN VEHÍCULO TODO TERREO OU TODO CAMIÑO (SUV) 4X4 CON DISTINTIVO AMBIENTAL CERO EMISIÓNS /ECO PARA O SERVIZO MUICIPAL DE EMERXENCIAS E PORTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE OLEIROS

Por Decreto da Alcaldía nº 2024003700, de 15 de xullo; aprobouse o procedemento aberto simplificado sumario para a contratación da subministración denominada “SUBMINISTRACION DUN VEHÍCULO TODO TERREO OU TODO CAMIÑO (SUV) 4X4 CON DISTINTIVO AMBIENTAL CERO EMISIÓNS /ECO PARA O SERVIZO MUICIPAL DE EMERXENCIAS E PORTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE OLEIROS”.

O importe de licitación é 33.320,07 € (31.809,14 € +1.510,93 € imposto matriculación), ao que se lle suma un 21% de IVE (6.679,92€), o que supón un importe de 39.999,99 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 16 de xullo do 2024.

Rematado o día 31 de xullo do 2024 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
FINISTERRE MOTOR S.L.	B36946440	30-07-2024 16:46

De seguido, a Mesa procede á apertura do arquivo ou sobre electrónico Único presentado pola empresa licitadora denominado “Documentación administrativa e proposición”.

Deste xeito, con respecto á documentación administrativa, en acto non público, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido		Documento no que figura	FINISTERRE MOTOR S.L
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV	Cumpre
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV	Cumpre
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV	Cumpre
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV	Cumpre
	Datos de subcontratación	Anexo IV	Cumpre
Capacidade de obrar		DEUC	Cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias		DEUC	Cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social		DEUC	Cumpre
Non estar incurso en incompatibilidades		DEUC	Cumpre
Non prohibición de contratar		DEUC	Cumpre
Declaración de sometemento á lexislación española		DEUC	Cumpre
Estar prerrexistrado no ROLECE		DEUC	Cumpre





**CONCELLO DE
OLEIROS**

**> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio**

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

Non ter sido adxudicatario dos contratos anteriores de dirección e/ou supervisión da obra	DEUC	Cumpre
---	------	--------

Deste xeito, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a única empresa presentada a esta licitación.

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, á apertura da oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, a oferta presentada non se atopa en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valorala e puntuala. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		FINISTERRE MOTOR S.L
Oferta económica	Importe	32.031,76 € (38.758,43 co IVE)
	Puntos	9,03 / 50,00
Redución prazo entrega	Prazo	Entrega en 30 días naturais
	Puntos	5,00 / 10,00
Prazo de garantía	Prazo	Aumento ata 5 anos
	Puntos	10,00 / 10,00
Mantemento preventivo gratuito anuais	Prazo	Segundo ano
	Puntos	10,00 / 10,00
Servizo post-venda	Distancia	A menos de 10 km
	Puntos	10,00 / 10,00
Potencia máxima	Potencia	Entre 160 CV e 170 CV
	Puntos	5,00 / 10,00
Puntuación total único		49,03 / 100,00

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	TOTAL
1	FINISTERRE MOTOR S.L	B36946440	49,03 / 100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

SEGUNDO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de subministración





**CONCELLO DE
OLEIROS**

**> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio**

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

denominado "SUBMINISTRACION DUN VEHÍCULO TODO TERREO OU TODO CAMIÑO (SUV) 4X4 CON DISTINTIVO AMBIENTAL CERO EMISIÓN /ECO PARA O SERVIZO MUIICIPAL DE EMERXENCIAS E PORTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE OLEIROS" a empresa FINISTERRE MOTOR S.L (B36946440) por un importe de 32.031,76 € sen IVE (38.758,43, 21% IVE engadido); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





4.- 2024/CONTRAT/000069: SUBMINISTRO DE PRODUTOS DE ASEO E LIMPEZA

Por Decreto da Alcaldía nº 2024003456, de 2 de xullo; aprobouse o procedemento aberto simplificado sumario para a contratación da subministración denominada “SUBMINISTRO DE PRODUTOS DE ASEO E LIMPEZA”.

O importe de licitación é de 10.000,00 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (2.100,00 €), o que supón un importe de 12.100,00 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 17 de xullo do 2024.

Rematado o día 1 de agosto do 2024 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
SOLUCIONES DE FUTURO 2012 S.L.	B70381348	01-08-2024 23:21

De seguido, a Mesa procede á apertura do arquivo ou sobre electrónico Único presentado pola empresa licitadora denominado “Documentación administrativa e proposición”.

Deste xeito, con respecto á documentación administrativa, en acto non público, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido		Documento no que figura	SOLUCIONES DE FUTURO 2012 S.L.
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV	Cumpre
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV	Cumpre
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV	Cumpre
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV	Cumpre
	Datos de subcontratación	Anexo IV	Cumpre
Capacidade de obrar		DEUC	Cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias		DEUC	Cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social		DEUC	Cumpre
Non estar incurso en incompatibilidades		DEUC	Cumpre
Non prohibición de contratar		DEUC	Cumpre
Declaración de sometemento á lexislación española		DEUC	Cumpre
Estar prerrexistrado no ROLECE		DEUC	Cumpre
Non ter sido adxudicatario dos contratos anteriores de dirección e/ou supervisión da obra		DEUC	Cumpre

Deste xeito, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a única empresa presentada a esta licitación.





Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, á apertura da oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, a oferta presentada non se atopa en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valorala e puntuala. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		SOLUCIONES DE FUTURO 2012 S.L.
Oferta económica	Importe sen IVE (a efectos únicos de valoración)	561,81 €
	Puntos	0 / 80,00
Ubicación das instalacións	Distancia	Establecemento situado a menos de 5.000 metros
	Puntos	5,00/5,00
Prazo de entrega		Menos de 3 horas dende o intre do pedido
	Puntos	15,00 / 15,00
PUNTUACIÓN TOTAL ÚNICO		20,00/ 100,00

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	TOTAL
1	SOLUCIONES DE FUTURO 2012 S.L.	B70381348	20,00 / 100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

SEGUNDO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de subministración denominado “SUBMINISTRO DE PRODUTOS DE ASEO E LIMPEZA” a empresa SOLUCIONES DE FUTURO 2012 S.L. (B15072713) polos prezos unitarios reflectidos na súa oferta para cada produto e ata un importe máximo para o consumo durante o prazo de vixencia do contrato de 10.000,00 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (2.100,00 €), o que supón un importe de 12.100,00 € IVE engadido; de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

5.- 2024/CONTRAT/000079: PLAN II 2024 DE SEGUROS DO CONCELLO DE OLEIROS: PROTECCIÓN DE RISCOS EN PÓLIZAS DE ACCIDENTES VARIOS, RC EMBARCACIÓNS E RC AUTORIDADES

Mediante Resolución da 1ª Tenente de Alcalde nº 2024003701, de 15 de xullo; aprobouse o expediente administrativo para a contratación, mediante procedemento aberto, do contrato de servizos denominado “PLAN II DE SEGUROS DO CONCELLO, PROTECCIÓN DE RISCOS EN PÓLIZAS DE ACCIDENTES VARIOS, RC EMBARCACIÓNS E RC AUTORIDADES”.

O orzamento da presente licitación é de 99.900,00 € (exento de IVE).

Cómpre ter en conta que a execución deste servizo non tributa no Imposto sobre o Valor Engadido ao estar exento do mesmo (art. 20.un.16 da Lei 37/1992 del 28 de decembro do Imposto sobre o Valor Engadido).

Esta licitación desagregase nos seguintes lotes:

LOTE	Asunto	Importe
1	PÓLIZA DE ACCIDENTES E ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIS DO CONCELLO DE OLEIROS	36.000,00€
2	PÓLIZA DE ACCIDENTES DE MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE OLEIROS	2.800,00€
3	PÓLIZA DE VIDA DE MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE OLEIROS	14.000,00€
4	PÓLIZA DE ACCIDENTES DOS TRABALLADORES SOCIAIS DO CONCELLO DE OLEIROS	1.300,00€
5	PÓLIZA DE ACCIDENTES DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE OLEIROS	2.500,00€
6	PÓLIZA DE ASISTENCIA EN VIAXE DA ACTIVIDADE ORGANIZADA POLO DEPARTAMENTO DE SERVICIOS SOCIAIS DO CONCELLO DE OLEIROS VEN E DESCUBRE	8.300,00€
7	PÓLIZA DE RC EMBARCACIÓNS DO CONCELLO DE OLEIROS	3.000,00€
8	PÓLIZA DE RC DE AUTORIDADES E PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE OLEIROS	32.000,00€
TOTAL		99.900,00€

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 24 de xullo do 2024.

Rematado o día 1 de agosto do 2024 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:





Empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación da oferta	Lotes aos que se presenta
AIG Europe S.A.	W0186206I	30-07-2024 15:30	8
AXA AURORA VIDA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	A48464606	31-07-2024 10:52	3
GENERALI ESPAÑA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	A28007268	31-07-2024 10:25	2
HELVETIA COMPAÑÍA SUÍZA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	A41003864	01-08-2024 12:47	1,2,4
MAPFRE VIDA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS SOBRE LA VIDA	A28229599	26-07-2024 09:35	1,2,4,5
MGS, SEGUROS Y REASEGUROS S.A.	A08171373	01-08-2024 16:33	1,4,5,7
PREVISIÓN BALEAR, M.P.S.	V07103419	01-08-2024 14:57	1,2,4,5
W.R. BERKLEY EUROPE AG, SUCURSAL EN ESPAÑA	W03711455G	31-07-2024 14:26	1,2,4,5

A Mesa procede, de seguido, en acto non público, á comprobación da documentación contida no sobre nº 1 subtítulo “Documentación Administrativa” presentado polas empresas licitadoras.

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa procede a realiza-las seguintes comprobacións:

<u>SOBRE Nº 1</u> <u>DOCUMENTACIÓN</u>	<i>AIG Europe</i>	<i>AXA</i>	<i>GENERALI</i>	<i>HELVETIA</i>	<i>MAPFRE</i>	<i>MGS</i>	<i>PREVISION BALEAR</i>	<i>W.R. BERKLEY</i>
AUTORIZACIÓNS E DECLARACIÓNS (ANEXO IV)	Sí	Sí	Non	Sí	Non	Sí	Sí	Sí
DEUC	Sí	Sí	Sí	Sí	Sí	Sí	Sí	Sí

Faise constar que, con respecto ao Anexo IV do PCAP, as empresas “GENERALI ESPAÑA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS” e “MAPFRE VIDA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS SOBRE LA VIDA” non presentan este documento. O resto da documentación é presentada correctamente por todos os licitadores.

A Mesa de Contratación, tendo en conta que no caso do Anexo IV trátase dun defecto emendable, decide, para unha maior eficacia, economía e celeridade no procedemento de licitación, admitir a todas as empresas e, no caso de resultar adxudicataria algunha das que lle falta este documento, deberáselle requirir que presente o documento Anexo IV xunto coa documentación a que fai referencia a cláusula 2.3.2 do PCAP.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.





De seguido, a Mesa de Contratación, en acto público ao que asiste D. Iago Merino Vidal, mediador de seguros da empresa “Willis Iberia Correduría de Seguros y Reaseguros, S.A.U.”, empresa coa que este Concello ten contratado o servizo de mediación de seguros privados do Concello de Oleiros; procede á apertura dos sobres nº 3 presentados polas respectivas empresas licitadoras a cada un dos lotes:

Así, resulta que:

LOTE 1. PÓLIZA DE ACCIDENTES E ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIS.

De conformidade cos criterios obxectivos de adjudicación recollidos no anexo XIV do PCAP, as empresas licitadoras a este lote presentan as seguintes ofertas,

	OFERTA ECONÓMICA (dous anos)
HELVETIA COMPANÍA SUÍZA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS.	31.853,98 €
MAPFRE VIDA, S.A.	32.365,46 €
MGS, S.A.	14.095,00 €
PREVISIÓN BALEAR, M.P.S.	23.975,16 €
W.R. BERKLEY EUROPE AG	36.000,00 €

Así, a documentación presentada polos licitadores é aportada aos técnicos para a súa correspondente avaliación.

Unha vez analizadas as ofertas, o equipo técnico pon en coñecemento da Mesa que, en aplicación dos supostos para considerar unha oferta como desproporcionada ou temeraria relacionados no anexo XIV do PCAP, a licitadora “MGS, SEGUROS Y REASEGUROS S.A.” incorre na situación de oferta anormalmente baixa.

Así, a Mesa de contratación, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Que se lle conceda á empresa “MGS, SEGUROS Y REASEGUROS S.A.” (W03711455G) un prazo de cinco días hábiles para que xustifique a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP; de conformidade coa cláusula 2.2.10 e anexo XIV do prego de cláusulas administrativas particulares.





LOTE 2. PÓLIZA DE ACCIDENTES DE MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

De conformidade cos criterios obxectivos de adxudicación recollidos no anexo XIV do PCAP, as empresas licitadoras a este lote presentan as seguintes ofertas,

	OFERTA ECONÓMICA (dous anos)
GENERALI ESPAÑA, S.A.	2.586,86 €
HELVETIA COMPAÑIA SUÍZA, S.A.	1.802,06 €
MAPFRE VIDA, S.A.	1.642,80 €
PREVISIÓN BALEAR, M.P.S.	1.185,10 €
W.R. BERKLEY EUROPE AG	2.800,00 €

Así, a documentación presentada polos licitadores é aportada aos técnicos para a súa correspondente avaliación.

Unha vez analizadas as ofertas, o equipo técnico pon en coñecemento da Mesa que, en aplicación dos supostos para considerar unha oferta como desproporcionada ou temeraria relacionados no anexo XIV do PCAP, a licitadora “Previsión Balear, M.P.S.” incorre na situación de oferta anormalmente baixa.

Así, a Mesa de contratación, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Que se lle conceda á empresa “PREVISIÓN BALEAR, M.P.S.” (V07103419) un prazo de cinco días hábiles para que xustifique a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP; de conformidade coa cláusula 2.2.10 e anexo XIV do prego de cláusulas administrativas particulares.

LOTE 3. PÓLIZA DE VIDA DE MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

De conformidade cos criterios obxectivos de adxudicación recollidos no anexo XIV do PCAP, as empresas licitadoras a este lote presentan as seguintes ofertas,

	OFERTA ECONÓMICA (dous anos)
AXA AURORA VIDA, S.A.	11.650,06 €





A documentación presentada polos licitadores é aportada aos técnicos para a súa correspondente avaliación, resultando que, da análise feita polos técnicos municipais, e non existindo ofertas que incorran en presunción de baixa anormal, resultan as puntuacións que se citan no seguinte cadro:

	OFERTA ECONÓMICA		PUNTUACIÓN SOBRE 3
	Importe	Puntuación	
AXA AURORA VIDA, S.A.	11.650,06 €	100,00.-	100,00.-

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte puntuación para o lote 3:

EMPRESA	NIF	Sobre 3	PUNTUACIÓN TOTAL
1.- AXA AURORA VIDA, S.A.	A48464606	100,00.-	100,00.-

Xa que logo, a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida polas empresas participantes, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do LOTE 3 denominado “PÓLIZA DE VIDA DE MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL” do contrato de servizos denominado " PLAN II DE SEGUROS DO CONCELLO, PROTECCIÓN DE RISCOS EN PÓLIZAS DE ACCIDENTES VARIOS, RC EMBARCACIÓNS E RC AUTORIDADES” á empresa “AXA AURORA VIDA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS” (A48464606) polo importe de 11.650,06 € (exento de IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co prego de prescricións técnicas e coa oferta presentada.

LOTE 4. PÓLIZA DE ACCIDENTES DOS TRABALLADORES SOCIAIS.

De conformidade cos criterios obxectivos de adxudicación recollidos no anexo XIV do PCAP, as empresas licitadoras a este lote presentan as seguintes ofertas,

	OFERTA ECONÓMICA (dous anos)
HELVETIA COMPAÑIA SUÍZA, S.A.	828,64
MAPFRE VIDA, S.A.	920,34
MGS, S.A.	550,00
PREVISIÓN BALEAR, M.P.S.	444,24
W.R. BERKLEY EUROPE AG	1.300,00





Así, a documentación presentada polos licitadores é aportada aos técnicos para a súa correspondente avaliación.

Unha vez analizadas as ofertas, o equipo técnico pon en coñecemento da Mesa que, en aplicación dos supostos para considerar unha oferta como desproporcionada ou temeraria relacionados no anexo XIV do PCAP, a licitadora “Previsión Balear, M.P.S.” incorre na situación de oferta anormalmente baixa.

Así, a Mesa de contratación, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Que se lle conceda á empresa “PREVISIÓN BALEAR, M.P.S.” (V07103419) un prazo de cinco días hábiles para que xustifique a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP; de conformidade coa cláusula 2.2.10 e anexo XIV do prego de cláusulas administrativas particulares.

LOTE 5. PÓLIZA DE ACCIDENTES AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL.

De conformidade cos criterios obxectivos de adxudicación recollidos no anexo XIV do PCAP, as empresas licitadoras a este lote presentan as seguintes ofertas,

	OFERTA ECONÓMICA (dous anos)
MAPFRE VIDA, S.A.	2.396,60
MGS, S.A.	1.200,00
PREVISIÓN BALEAR, M.P.S.	1.780,32
W.R. BERKLEY EUROPE AG	2.500,00

Así, a documentación presentada polos licitadores é aportada aos técnicos para a súa correspondente avaliación.

Unha vez analizadas as ofertas, o equipo técnico pon en coñecemento da Mesa que, en aplicación dos supostos para considerar unha oferta como desproporcionada ou temeraria relacionados no anexo XIV do PCAP, a licitadora “MGS, SEGUROS Y REASEGUROS S.A.” incorre na situación de oferta anormalmente baixa.

Así, a Mesa de contratación, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Que se lle conceda á empresa “MGS, SEGUROS Y REASEGUROS S.A.” (W03711455G) un prazo de cinco días hábiles para que xustifique a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP; de conformidade coa cláusula 2.2.10 e anexo XIV do prego de cláusulas administrativas particulares.





LOTE 6. PÓLIZA DE ASISTENCIA EN VIAXE DE ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS VEN E DESCUBRE.

Rematado o prazo de presentación de ofertas resulta que non se presentou ningunha oferta para este lote.

Xa que logo, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación que se declare deserto o LOTE 6 denominado “PÓLIZA DE ASISTENCIA EN VIAXE DE ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS VEN E DESCUBRE” do contrato de servizos denominado "PLAN II DE SEGUROS DO CONCELLO, PROTECCIÓN DE RISCOS EN PÓLIZAS DE ACCIDENTES VARIOS, RC EMBARCACIÓNS E RC AUTORIDADES” ao non terse presentado licitadores.

LOTE 7. PÓLIZA DE RC EMBARCACIÓNS.

De conformidade cos criterios obxectivos de adxudicación recollidos no anexo XIV do PCAP, as empresas licitadoras a este lote presentan as seguintes ofertas,

	OFERTA ECONÓMICA (dous anos)
MGS, S.A.	2.273,20

A documentación presentada polos licitadores é aportada aos técnicos para a súa correspondente avaliación, resultando que, da análise feita polos técnicos municipais, e non existindo ofertas que incorran en presunción de baixa anormal, resultan as puntuacións que se citan no seguinte cadro:

	OFERTA ECONÓMICA		PUNTUACIÓN SOBRE 3
	Importe	Puntuación	
MGS, S.A.	2.273,20 €	100,00.-	100,00.-

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte puntuación para o lote 7:

EMPRESA	NIF	Sobre 3	PUNTUACIÓN TOTAL
1.- MGS SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	A08171373	100,00.-	100,00.-





Xa que logo, a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida polas empresas participantes, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do LOTE 7 denominado “PÓLIZA DE RC EMBARCACIÓNS” do contrato de servizos denominado " PLAN II DE SEGUROS DO CONCELLO, PROTECCIÓN DE RISCOS EN PÓLIZAS DE ACCIDENTES VARIOS, RC EMBARCACIÓNS E RC AUTORIDADES” á empresa “MGS SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.” (A08171373) polo importe de 2.273,20 € (exento de IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co prego de prescricións técnicas e coa oferta presentada.

LOTE 8. PÓLIZA DE RC DE AUTORIDADES E PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO.

De conformidade cos criterios obxectivos de adxudicación recollidos no anexo XIV do PCAP, as empresas licitadoras a este lote presentan as seguintes ofertas:

	OFERTA ECONÓMICA (dous anos)	INCREMENTO LÍMITE INDEMNIZACIÓN AGREGADO POR PERIODO DE SEGURO
AIG Europe S.A.	25.800,00 €	Non

A documentación presentada polos licitadores é aportada aos técnicos para a súa correspondente avaliación, resultando que, da análise feita polos técnicos municipais, e non existindo ofertas que incorran en presunción de baixa anormal, resultan as puntuacións que se citan no seguinte cadro:

	OFERTA ECONÓMICA		INCREMENTO LÍMITE INDEMNIZACIÓN AGREGADO POR PERIODO DE SEGURO		PUNTUACIÓN SOBRE 3
	Importe	Puntuación	Incremento	Puntuación	
AIG Europe S.A.	25.800,00 €	90,00.-	Non	0	90,00.-

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte puntuación para o lote 8:

EMPRESA	NIF	Sobre 3	PUNTUACIÓN TOTAL
1.- AIG Europe S.A.	W0186206I	90,00.-	90,00.-

Xa que logo, a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida polas empresas participantes, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do LOTE 8 denominado “PÓLIZA DE RC DE AUTORIDADES E PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO” do contrato de servizos denominado “ PLAN II DE SEGUROS DO CONCELLO, PROTECCIÓN DE RISCOS EN PÓLIZAS DE ACCIDENTES VARIOS, RC EMBARCACIÓNS E RC AUTORIDADES” á empresa “AIG Europe S.A.” (A08171373) polo importe de 25.800,00 € (exento de IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co prego de prescricións técnicas e coa oferta presentada.





6.- 2024/CONTRAT/000072: PAVIMENTACIÓN DUN TRAMO DA RÚA FORNOS

Por Decreto da Alcaldía nº 2024003479, de 2 de xullo do 2024, aprobouse o procedemento aberto para a contratación da obra denominada "PAVIMENTACIÓN DUN TRAMO DA RÚA FORNOS".

O importe de licitación é de 75.578,21 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (15.871,42 €), o que supón un importe de 91.449,63 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 3 de xullo do 2024.

Rematado o día 16 de xullo do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	16-07-2024 09:17
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	B15009533	16-07-2024 10:47

A Mesa de Contratación, reunida o pasado día 18 de xullo do 2024, procedeu á apertura e comprobación do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado "Documentación administrativa" e acordou admitir a todas as empresas presentadas a esta licitación.

A continuación procedeuse a apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 2 denominado "Proposta suxeita a avaliación previa", o cal foi remitido a informe dos servizos técnicos para a súa avaliación de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XI do PCAP.

Os servizos técnicos municipais emiten informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor, asinado o día 29 de xullo do 2024 polo arquitecto técnico municipal, D. José Luis Jares Vázquez.

Procedería que, neste acto, a Mesa tomara coñecemento do devandito informe e procedera, se é o caso, á apertura da documentación contida no sobre nº 3 denominado "Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior".

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres nº 2 e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres nº 3.

Do informe emitido, que se publicará na PLACSP xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:





EMPRESAS	CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUBJECTIVOS
	PROGRAMA DE TRABAJO
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	49
FRANCISCO GOMEZ Y CIA., S.L.	47.50

A continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación contida no sobre número 3, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, as ofertas presentadas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valoralas e puntualas. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		LÓPEZ CAO	FRANCISCO GOMEZ
Oferta económica	Importe sen IVE	73.300,00	75.313,69
	Puntos	4,21/30,00	0,49/30,00
Incremento do prazo de garantía	Anos	+ 4 anos	Non
	Puntos	5,00 / 5,00	0,00/0.00
Mellora 1: Incremento prestación MBQ	Si / Non	Si	Non
	Puntos	3,00 / 3,00	0,00 / 3,00
Mellora 2: Incremento do espesor da capa de formigón bituminoso	Incremento	1 cm.	Non
	Puntos	7,00 / 7,00	0,00/7,00
Mellora 3: Redución prazo presentación Plan Seguridade e Saúde	Si/ Non	Presentación en 1 semana	Presentación en 1 semana
	Puntos	5,00 / 5,00	5,00 / 5,00
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 3		24,21 / 50,00	5,49 / 50,00

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	Sobre 2	Sobre 3	TOTAL
1	CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	49,00 / 50,00	24,21 / 50,00	73,21 / 100,00
2	FRANCISCO GOMEZ Y CIA., S.L.	B15009533	47,50/ 50,00	5,49 / 50,00	52,99 / 100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de obra denominado "PAVIMENTACIÓN DUN TRAMO DA RÚA FORNOS" a empresa CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. (B15072713) por un importe de 73.300,00 € (88.693,00 € IVE incl.); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





7.- 2024/CONTRAT/000073: MELLORAS NAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO POLÍGONO COMERCIAL DE ICARIA

Por Decreto da Alcaldía nº 2024003462, de 2 de xullo do 2024, aprobouse o procedemento aberto para a contratación da obra denominada “MELLORAS NAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO POLÍGONO COMERCIAL DE ICARIA”.

O importe de licitación é de 127.568,79 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (26.789,45 €), o que supón un importe de 154.358,24 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 3 de xullo do 2024.

Rematado o día 16 de xullo do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	16-07-2024 15:10

A Mesa de Contratación, reunida o pasado día 18 de xullo do 2024, procedeu á apertura e comprobación do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa” e acordou admitir a totalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación procedeuse a apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 2 denominado “Proposta suxeita a avaliación previa”, o cal foi remitido a informe dos servizos técnicos para a súa avaliación de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XI do PCAP.

Os servizos técnicos municipais emiten informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor, asinado o día 29 de xullo do 2024 polo arquitecto técnico municipal, D. José Luis Jares Vázquez.

Procedería que, neste acto, a Mesa tomara coñecemento do devandito informe e procedera, se é o caso, á apertura da documentación contida no sobre nº 3 denominado “Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior”.

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres nº 2 e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres nº 3.

Do informe emitido, que se publicará na PLACSP xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:





EMPRESAS	CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUBXECTIVOS
	PROGRAMA DE TRABALLO
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	46

A continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación contida no sobre número 3, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, as ofertas presentadas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valoralas e puntualas. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		LÓPEZ CAO
Oferta económica	Importe sen IVE	126.930,00 €
	Puntos	0,70/30,00
Incremento do prazo de garantía	Anos	+ 4 anos
	Puntos	5,00 / 5,00
Mellora 1: Adecuación superficial e pintado de pista de formigón situada na rúa Ícaro	Si / Non	non
	Puntos	0,00 / 10,00
Mellora 2: Redución prazo presentación Plan Seguridade e Saúde	Si/ Non	Presentación en 1 semana
	Puntos	5,00 / 5,00
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 3		10,70 / 50,00

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	Sobre 2	Sobre 3	TOTAL
1	CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	46,00 / 50,00	10,70 / 50,00	56,70 / 100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de obra denominado "MELLORAS NAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO POLÍGONO COMERCIAL DE ICARIA" a empresa CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. (B15072713) por un importe de 126.930,00 € (153.585,30 € IVE incl.); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

8.- 2024/CONTRAT/000063: RESTAURACIÓN INFRAESTRUCTURA VERDE MUNICIPAL. SENDA COSTEIRA CANIDE-MERA

Por Decreto da Alcaldía nº 2024003511, de 4 de xullo do 2024, aprobouse o procedemento aberto para a contratación da obra denominada "RESTAURACIÓN INFRAESTRUCTURA VERDE MUNICIPAL. SENDA COSTEIRA CANIDE-MERA".

O importe de licitación é de 92.002,27 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (19.320,48 €), o que supón un importe de 111.322,75 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 4 de xullo do 2024.

Rematado o día 17 de xullo do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	17-07-2024 15:08
JARDINERIA ARCE S.L.	B15547979	17-07-2024 19:45

A Mesa de Contratación, reunida o pasado día 18 de xullo do 2024, procedeu á apertura e comprobación do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado "Documentación administrativa" e acordou admitir a todas as empresas presentadas a esta licitación.

A continuación procedeuse a apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 2 denominado "Proposta suxeita a avaliación previa", o cal foi remitido a informe dos servizos técnicos para a súa avaliación de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XI do PCAP.

Os servizos técnicos municipais emiten informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor, asinado o día 1 de agosto do 2024 polo arquitecto técnico municipal, D. José Luis Jares Vázquez.

Procedería que, neste acto, a Mesa tomara coñecemento do devandito informe e procedera, se é o caso, á apertura da documentación contida no sobre nº 3 denominado "Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior".

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres nº 2 e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres nº 3.

Do informe emitido, que se publicará na PLACSP xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:





EMPRESAS	CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUBXECTIVOS
	PROGRAMA DE TRABALLO
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	42
JARDINERÍA ARCE, S.L.	40,75

A continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación contida no sobre número 3, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, as ofertas presentadas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valoralas e puntualas. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	JARDINERÍA ARCE, S.L.
Oferta económica	Importe	88.320,00	87.402,15
	Puntos	8,40/ 45,00	10,50/ 45,00
MELLORA 1.- Redución do prazo para a redacción e presentación do PSS	Si / Non	Sí, presentación do PSS no prazo máximo de 1 semana.	Sí, presentación do PSS no prazo máximo de 1 semana.
	Puntos	5,00/ 5,00	5,00/ 5,00
MELLORA 2.- Incremento prazo garantía	Si / Non	Sí, + 4 anos	Sí, + 4 anos
	Puntos	5,00/ 5,00	5,00/ 5,00
PUNTUACIÓN SOBRE Nº 3		18,40/55,00	20,50/55,00

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	Sobre 2	Sobre 3	TOTAL
1	JARDINERÍA ARCE, S.L.	B15547979	40,75 / 50,00	20,50 / 50,00	61,25 / 100,00
2	CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	42,00 / 50,00	18,40 / 50,00	60,40 / 100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de obra denominado "RESTAURACIÓN INFRAESTRUCTURA VERDE MUNICIPAL. SENDA COSTEIRA CANIDE-MERA" a empresa JARDINERÍA ARCE, S.L. (B15547979) por un importe de 87.402,15 € (105.756,60 € IVE incl.);





**CONCELLO DE
OLEIROS**

**> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio**

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e praxe da Presidenta.

En Oleiros, asinado dixitalmente polo Secretario da Mesa de Contratación, don Iago A. López Álvarez, e a presidenta da Mesa de Contratación D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.

